

Instrucción IV/2005 na que se regula a adscrición do PAS colaborador en tribunais de selección

O ser necesaria ocasionalmente a colaboración de persoal para o desenvolvemento de procesos, que se consideren masivos, de Selección de Persoal de Administración e Servizos, faise necesario regular o procedemento para a adscrición aos tribunais e a retribución correspondente. E por iso que,

O xerente dita a seguinte instrución:

1. O presidente do tribunal solicitará ao xerente o persoal que considere necesario para o desenvolvemento das probas.
2. A colaboración será retribuída con 45 euros diarios se é en días laborais e con 60 euros se é en sábados ou festivos, aboándose por nómina, se fose posible, no mes no que remate o proceso selectivo, previa certificación expedida polo presidente do tribunal dos días traballados.

Así mesmo, e de forma excepcional, de ser necesaria a colaboración de persoal, fóra da súa xornada habitual, nas Comisións de Selección de Persoal Docente e Investigador, daráselles o mesmo tratamento.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2005
O xerente en funcións,
Xosé Manuel Villanueva Prieto